

RESOLUCIÓN da Comisión de Selección pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de persoas propostas para superar os procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B) (DOG n.º 206, do 28 de outubro, corrección de erros, DOG n.º 216, do 14 de novembro).

Mediante a Orde do 19 de outubro de 2022 convocáronse procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B) (DOG n.º 206, do 28 de outubro, corrección de erros, DOG n.º 216, do 14 de novembro).

Con data do 20 de febreiro de 2023 publicouse, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o Acordo desa data da Comisión de Selección nos procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, a corpos de persoal docente non universitario dependentes da consellería competente en materia de educación (ED001B) polo que se fai pública a puntuación mínima necesaria no autobaremo en cada especialidade e quenda para que a solicitude sexa valorada.

Posteriormente, con data do 25 de abril de 2023 publicouse na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a Resolución da Comisión de Selección da mesma data pola que se aproban e se fan públicas as puntuacións provisórias do baremo e con data do 16 de maio de 2023 publicouse na páxina desta consellería a Resolución da Comisión de Selección desa mesma data pola que se aproban e se fan públicas as puntuacións definitivas do baremo de acordo co disposto na base décimo segunda e no apartado primeiro da base décimo terceira da Orde do 19 de outubro de 2022.

O parágrafo segundo do apartado primeiro da base décimo terceira, recolle que resultará seleccionado e ingresará, no corpo e especialidade que proceda, o persoal candidato que, ao ser ordenado segundo a puntuación do concurso, obteña un número de orde igual ou inferior ao número de prazas convocadas no corpo e especialidade correspondente, tendo en conta o que se establece na citada base para cubrir as prazas de reserva e os criterios de resolución de posibles empates na puntuación.

Tamén se establece que, en ningún caso, a Comisión de Selección poderá propoñer que superen o procedemento selectivo máis persoas que prazas convocadas por corpo e especialidade e, así mesmo, se determina a imposibilidade de ingresar por máis dunha especialidade no mesmo corpo.

Mediante Resolución do 16 de maio de 2023 a Comisión de Selección aproba e fai pública a relación provisional de persoas propostas para superar os procedementos selectivos extraordinarios de estabilización de ingreso, mediante concurso de méritos, publicada no portal educativo con data do 18 de maio de 2023.



No seu punto segundo, de conformidade co apartado sexto da base décimo terceira, establece un prazo para formular o dereito de opción por parte de aquelas persoas aspirantes que acaden a puntuación para ingresar por máis dunha especialidade do mesmo corpo ao tempo que advirte de que, de non facer opción, entenderase que acceden pola última especialidade na que prestaron servizos, cando sexa o caso, e, na súa falta, pola especialidade con menor código de identificación

A súa vez a base novena desta convocatoria pública establece que a selección do persoal aspirante será realizada por unha Comisión de Selección constituída por persoal funcionario de carreira con destino nos servizos centrais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

De conformidade coas ditas bases, e para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado sétimo da base décimo terceira da Orde do 19 de outubro de 2022 relativo á publicación da listaxe definitiva de persoas propostas para superar o procedemento selectivo, e unha vez revisadas e tramitadas as solicitudes polas que se efectúa o dereito de opción e, no caso de non efectuar o dito dereito de opción, aplicados os criterios establecidos na citada base, esta Comisión de Selección

RESOLVE:

Primeiro.- Aceptar as renuncias presentadas e declarar a anulación das solicitudes relativas á/s especialidade/s na/s que non acceden no marco deste procedemento.

Segundo. Nos supostos daquelas persoas que, tendo adxudicada praza en máis dunha especialidade do mesmo corpo, non exerceron o dereito de opción, aplícanse os criterios establecidos no apartado sexto da base décimo terceira da Orde do 19 de outubro de 2022, pola que se convocaron os procedementos selectivos extraordinarios de estabilización.

Terceiro.- Aprobar e facer pública, na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal), como anexo a esta resolución, a relación definitiva de persoas propostas para superar o procedemento selectivo, por corpos e especialidades e reservas, de acordo cos criterios fixados na base décimo terceira da citada orde.

Cuarto. Aquelas persoas que figuran no anexo desta resolución definitiva de persoas propostas para superar o procedemento selectivo, e resultasen tamén seleccionadas, provisional ou definitivamente, nunha especialidade do mesmo corpo en resolución ditada no concurso excepcional de méritos de estabilización de emprego temporal convocado por outra administración educativa, deberán renunciar á praza adxudicada nesta resolución, no prazo de cinco (5) días hábiles computados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da consellería (www.edu.xunta.gal), se desexan obter praza no ámbito de xestión



dunha administración educativa distinta á da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A renuncia realizarase mediante o trámite activado para este efecto na carpeta cidadá, no procedemento normalizado código ED001B.

Quinto. Sen prexuízo do prazo establecido no apartado anterior, o persoal participante no concurso de méritos poderá presentar renuncia á participación no concurso de méritos por outras causas xustificadas.

Sexto. Rematado o prazo de renuncias previsto no apartado cuarto, a Comisión de Selección publicará na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (www.edu.xunta.gal) unha nova relación definitiva de persoas propostas para superar o procedemento selectivo.

Sétimo. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, e de acordo co disposto no apartado sétimo da base décimo terceira da Orde 19 de outubro de 2022,, a renuncia aos dereitos derivados do procedemento selectivo con anterioridade á realización da proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira dará lugar a que se declare aprobada a persoa que corresponda conforme os criterios establecidos nesta base.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O presidente da Comisión de Selección

José Luis Canosa Baldomir

